



# BANDO

DON RUBÉN GARCÍA FREIJE, ALCALDE DO CONCELLO DE TRABADA, FAI SABER:

O Instituto Galego da Vivenda e Solo abre o prazo de presentación de solicitudes para o **PROGRAMA DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O 2024:**

## Obxecto:

Aprobar as bases para as axudas de adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, nas seguintes modalidades

- ➔ Modalidade A: vivendas localizadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes.
- ➔ Modalidade B: vivendas situadas no ámbito dun centro histórico.
- ➔ Modalidade C: vivendas cualificadas definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral ou especial.

## Requisitos:

- Nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou Suíza. No caso de estranxeiros non comunitarios, é precisa a autorización de estadía ou residencia en España.
- Ter subscrito con posterioridade á data fixada un contrato privado ou escritura pública de adquisición dunha vivenda que cumpra os requisitos establecidos nas bases.
- Que o solicitante e a unidade de convivencia estean empadroados na vivenda adquirida.
- Que os ingresos anuais da unidade de convivencia:
  - o Modalidade A: iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM.
  - o Modalidade B: iguais ou inferiores a 6,5 veces o IPREM.
  - o Modalidade C: ter cumprido o requisito de ingresos no momento que determine a normativa reguladora.
- Atoparse ao día coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social nin ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Non ser propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en territorio español.
- Na modalidade A: ter menos de 36 anos no momento da solicitude ou subscrición do contrato.
- Na modalidade C: ser adquirente ou adxudicataria e ter acreditado o cumprimento dos requisitos de acceso a unha vivenda protexida.
- No caso de adquirir a vivenda por máis dunha persoa, deberán cumprir os requisitos cada unha das persoas propietarias.

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o 14 de febreiro de 2024 e rematará o 31 de outubro de 2024.**

Para maior información, así como para axuda na tramitación de solicitudes, no Concello.

**En Trabada, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde na data que figura na marxe.**

